

"A mestura", de Mosca

.....

Exemplo de posta en escena, de Lucía Vázquez Domínguez, 1º BACH E (2023-2024)

"A MESTURA"

PAI: (*Cunha nota na man.*) Hoxe teño *futbito*, papá. Logo véxote. Fíxenche caso co de Nirvana. Estouno escoitando. Bicos.

NAI: Que tal o teu día?

PAI: Ben, Paco xubilouse... A verdade é que o vin e pensei como sería xubilarse do taxi...

NAI: Pois aínda que queda.

PAI: Xa... Que tal o teu día?

NAI: Pois como o de onte, e antes de onte, xa sabes como son os meus días...

PAI: Xa...

NAI: Hoxe estiven falando con Isa, a profesora de Pedro.

PAI: Sí? Que che dixo?

NAI: Pois que nota a Pedro un pouco distante no colexio e que se nós notamos algo tamén...

PAI: Non... Non sei...Ti pasas máis tempo con el.

NAI: Mmm... Xa... Eu... nótoo coma sempre, un pouco máis nervioso, pero el ponse así ás veces...

PAI: Nervioso? El é nervioso... Xa sabes.

NAI: Sí... Vin que morde as uñas...

PAI: E? Eu tamén as mordo.

NAI: Xa... Non o soporto... Pero ti dende sempre e el dende fai pouco.

PAI: Que parvada! Fíxaste nunhas cousas...

NAI: (*Silencio.*) E que se pon nervioso e fai xestiños.

PAI: (*Rí.*) Pois coma ti...

NAI: Non, coma min non... Coma ti.

A mosca entra na casa...

Mosca, de Gustavo del Rio

Este é un fragmento da peza teatral *Mosca*, escrita por Gustavo del Río. Nel desenvólvese unha conversa entre unha parella, marido e muller, sobre algúns cambios de carácter preocupantes que observan no seu fillo. Con todo, non parecen ser moi conscientes, sobre todo o pai, do que lle acontece ao fillo e un diálogo rutineiro convértese ao final nunha pequena discusión.

1. Escenografía e atrezzo

Como se menciona que o pai é taxista, pódese interpretar que son unha familia de clase media-baixa. Por isto, o espazo escénico será a cociña da súa casa, un lugar pequeno pero acoledor. Haberá unha neveira e un forno pegados á parede, e lixeiramente á esquerda situarase unha mesa cadrada, cuberta cun mantel, e tres cadeiras ao seu redor. O pai entrará en escena por unha porta, situada no lateral da dereita.

Comentado [U1]: Indicar se é a parede do fondo, lateral...

En canto ás cores, as paredes serán dunha cor azul celeste non intensa, xa que transmite familiaridade e calma. Os electrodomésticos brancos agregarán simplicidade, e a mesa coas cadeiras serán de madeira escura, rompendo un pouco co esquema visual e engadindo un matiz cálido. Por último, o mantel terá un patrón a cadros vermellos e brancos por ser un elemento moi típico nunha cociña dunha familia común.

Comentado [U2]: Aclarar que significa. Tonalidade da escena?

2. Vestiario

No fragmento só aparecen dous personaxes: a nai e o pai. A nai vai vestir informalmente, xa que se entende que é ama de casa e non adoita saír dela, polo que primará a comodidade sobre a elegancia. Vestirá, polo tanto, un chándal azul e zapatillas; ademais, levará o pelo recollido nun moño desaliñado, que transmite despreocupación pola súa imaxe.

Por outra parte, o pai acaba de chegar á casa do traballo, polo que vai vestir lixeiramente formal. Levará unha camisa de manga longa de cor rosa pastel, un pantalón vaqueiro negro, un cinto da mesma cor, uns tenis grises pero formais e co pelo peiteado para o lado esquerdo.

3. Dirección de actores e actrices

Canto á actitude dos personaxes, o pai está canso e intenta interesarse pola familia, despois dun duro día de traballo, que inferimos cando se pregunta como sería a súa vida ao se xubilar. É amable pero despistado, e non se decata moito do que lle sucede ao fillo, en particular, nin á familia, en xeral. A nai, pola contra, mostra unha actitude de desgana e monotonía, cando responde ao home dicindo: "Pois como o de onte, e antes de onte, xa sabes como son os meus días..". mais é ela a que leva o peso das preocupacións familiares e a que intenta solucionarlas.

Ambos os dous manteñen unha conversa rutineira e pregúntanse que tal o día de cada un.

Mais a nai incorpora información nova, ao lle comentar que foi falar con Isa, a profesora de Pedro, e que lle dixo que o seu fillo está distante no colexio. Ese cambio evidente do comportamento no colexio é o detonante para que a nai comece a relacionalo con outros indicios que ela percibe no fillo (come as uñas desde fai pouco, fai xestiños...). Neste momento, a nai móstrase preocupada e nerviosa pola situación e busca respostas no pai, que se despreocupa e considera que seu fillo está coma sempre. Ante a reacción de desleixamento do pai, a nai vai cambiando o ton en que se dirixe ao pai; de boa esposa e ama de casa, no inicio da conversa (traballa na casa e cría o fillo; o seu marido é o soporte económico da familia), vai *in crescendo* mostrando anoxo, ata a frase final: "Non, coma min non... Coma ti".

4. Iluminación

O ambiente lumínico ten que ser realista e acorde ao espazo escénico. Polo tanto, haberá dúas luces brancas e intensas, unha delas intermitente coma se se estivese a estragar, que alumean verticalmente (luz cenital) dende o centro de cada metade do escenario e simulando as luces dunha cociña común e sinxela. Tamén se situarán dous focos tenues que deixarán en primeiro plano as personaxes para resaltalas, xa que son as protagonistas da escena.

5. Música e son

Durante este fragmento non haberá música ambiental, debido ao seu carácter dramático e á importancia do contido do texto, da palabra, sobre outros elementos externos, xa que é o momento en que a nai comeza a darse conta de que algo malo lle pasa ao seu fillo e inda non sabe con exactitude o que é e como van poder afrontalo. Agora ben, o desenvolvemento da escena irá acompañado dos efectos sonoros característicos dunha cociña, para impregnala do realismo cotiá de calquera cociña dunha familia calquera: o son do funcionamento da neveira, do forno e mesmo da luz que pestanexa constantemente, e que ninguén aínda tivo tempo de cambiar.

Outro son importante, presente na anotación final e antes do cambio de escena ("A *mosca entra na casa...*), é o zunido dunha mosca. Este zunzún será reiterativo ao longo da obra e simboliza a presenza molesta e constante dun problema, neste caso o acoso que sofre Pedro na escola.

6. Recepción do espectáculo e o seu público potencial

A finalidade dunha obra de teatro é ser representada perante un público. O potencial público ao que irá dirixida esta obra será bastante amplo, xa que a peza desenvolve unha trama sinxela e un tema actual, que resultará interesante para todo tipo de público, galego ou non galego: a falta de comunicación nunha parella e a preocupación de como afrontar os problemas do seu fillo, en concreto, cando se produce un cambio preocupante na súa actitude, debido ao acoso

Comentado [U3]: É un elemento complicado porque hai que ter moito coidado xa que non pode distraer a atención do público do que sucede na escena.

Comentado [U4]: Lede o PDF https://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandrebove/aulavirtual/pluginfile.php/67801/mod_resource/content/1/TIPOS%20B%20C%20S%20DE%20ILUMINACI%203%2093N.pdf

<https://www.youtube.com/watch?v=wdRr4ZkDBdg>

Esas luces enfocan directamente cada un dos personaxes para transmitir dramatismo á escena???

Comentado [U5]: Información contraditoria???

que sofre no colexio por ser homosexual; o fillo é incapaz de falalo cos pais. Polo tanto, o público abrangue unha franxa de idade moi ampla: desde a preadolescencia ata a idade adulta. Estes espectadores poden identificar claramente o que sucede na escena, sen unha contextualización previa, xa que a temática é próxima ao que acontece na vida de calquera persoa, sexa porque o vive ou sofre directa ou indirectamente. Ademais, a linguaxe que se utiliza é sinxela e directa, acorde a unha familia de clase media-baixa, polo que tamén a fai apta para un público popular, non acostumado a asistir asiduamente ao teatro, pero que si se identifica ou empatiza facilmente co que acontece no escenario.

7. Conclusión

En conclusión, esta representación é moi recomendable especialmente para os preadolescentes e adolescentes, xa que están conformando a súa personalidade e ao asistir á representación poden ser conscientes dalgún episodio que eles mesmos viviron ou presenciaron.

A obra ten, polo tanto, unha finalidade didáctica, dado que pode sensibilizar sobre o problema do acoso na escola e a importancia da comunicación aberta entre pais e fillos, para conseguir o benestar dos fillos.